

# **PLAN DE MODERNIZACIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN DO CENTRO**

IES San Clemente

Santiago de Compostela

Galicia - Spain

## Índice

- [1.- Introducción](#)
- [2.- Plurilingüismo](#)
  - [2.1.- Lingua galega](#)
  - [2.2.- Seccións bilingües](#)
- [3.- Proxectos eTwinning e Erasmus+ KA2](#)
  - [3.1.- KA2](#)
  - [3.2.- eTwinning](#)
- [4.- FCT no estranxeiro: Erasmus+ KA102 e KA103](#)
  - [4.1.- Número de mobilidades](#)
  - [4.2.- Selección dos participantes](#)
  - [4.3.- Exclusión](#)
  - [4.4.- Preparación lingüística](#)
  - [4.5.- Titorías](#)
- [5.- Recoñecemento de competencias](#)
  - [5.1.- Documentos Europass](#)
  - [5.2.- Certificación do nivel de lingua estranxeira](#)
- [6.- Colaboración con outros centros europeos](#)
- [7.- Mobilidades de docentes](#)
- [8.- Actualizacións do plan](#)

## 1.- Introducción

O IES San Clemente é un centro educativo de titularidade pública dedicado a impartir ensinanzas profesionais desde 1953.

Actualmente forma técnicos/as de nivel 3 e 5 da familia profesional Informática e Comunicación: Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes (ordinario e modular a distancia), Ciclo Superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede (ordinario, modular presencial e modular a distancia), Ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (ordinario e modular a distancia) e Ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Web (modular presencial e modular a distancia). Ademais, imparte educación secundaria para persoas adultas: ESA e Bacharelato telemático nas modalidades de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais.

No presente ano escolar conta con 66 docentes, 800 alumnas/os de Formación Profesional e 2800 alumnas/os nas ensinanzas de ESA e Bacharelato.

O centro conta con experiencia na participación en programas europeos, concretamente nos seguintes:

- Mobilidades Erasmus desde 2009. Alumnado de ciclos superiores realizou a FCT en Irlanda e Alemaña.
- Mobilidades Leonardo da Vinci desde 2012. Alumnado de ciclo medio realizou a FCT en Portugal.
- Mobilidades Erasmus+ desde 2014.
  - Alumnado de ciclos medio e superiores realiza a FCT e prácticas extracurriculares en Portugal, Irlanda, Reino Unido, República Checa, Alemaña e Malta (destinos a día de hoxe).
  - Mobilidades para estudos en Portugal para alumnos de ciclo medio.
  - Socio de envío para *job shadowing* de docentes: Irlanda e Portugal.
- Socio intermediario de mobilidades Leonardo da Vinci e Erasmus+ para socios alemáns e portugueses.
- Proxectos eTwinning desde 2009. O centro foi distinguido con doce selos de calidade europeos, un premio nacional en España e dous premios internacionais.

Tamén conta con seccións bilingües desde o curso 2008/2009.

Elaboramos o presente plan para contextualizar e coordinar as diferentes accións establecendo unha estratexia formal que contribúa á axenda de modernización e internacionalización da Unión Europea:

- Incrementar o alumnado cualificado de Formación Profesional para contribuír ás necesidades da UE.
- Mellorar a calidade e importancia da educación superior na UE e reforzala a través da mobilidade e cooperación entre países.
- Conectar as ensinanzas impartidas, a investigación e a empresa.
- Mellorar a xestión e a financiación.

## 2.- Plurilingüismo

### 2.1.- Lingua galega

No IES San Clemente, os módulos e materias impártense no idioma establecido na lexislación vixente. Para o resto dos módulos, aqueles para os cales a normativa non especifica o idioma que se ha de empregar, o centro procurará que exista unha oferta equilibrada en galego e castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do IES San Clemente vén funcionando, nomeadamente dende a creación dos equipos de normalización lingüística, coa posta en práctica de proxectos e actividades que contemplan a dinamización lingüística e co desenvolvemento da cultura galega como principal eixo condutor.

O EDLG do IES San Clemente leva varios anos de traxectoria realizando múltiples actividades ao longo de todo o curso. Algunhas delas repítense anualmente con éxito. Cabe destacar o concurso literario que xa leva vinte e cinco edicións.

Tamén realiza actividades de promoción da cultura galega a nivel europeo utilizando a plataforma eTwinning, como por exemplo, os proxectos Christmas Card Exchange e Letras Galegas.

### 2.2.- Seccións bilingües

Os obxectivos das seccións bilingües son:

- Fomentar a aprendizaxe de linguas estranxeiras, respondendo ás necesidades propias dun alumnado cada vez máis consciente da importancia de coñecer diferentes idiomas para mellorar o seu desenvolvemento persoal e profesional.
- Fomentar o interese e o respecto por outras culturas.
- Motivar o alumnado para o uso doutras linguas en módulos de informática, coa fin de acadaren unha maior competencia e desenvolvemento nas mesmas.

- Servir de preparación lingüística para a realización da FCT no estranxeiro no marco do programa Erasmus+.
- Adquirir vocabulario técnico relacionado coa futura carreira profesional do alumnado, que facilite a incorporación ao mercado laboral noutros países.

Actualmente as seccións bilingües impártense nas dúas linguas cooficiais en Galicia e nas seguintes linguas estranxeiras:

- Portugués, por ser un idioma próximo, tanto dende o punto de vista lingüístico como xeográfico, o que favorece a súa rápida adquisición, utilizado en Portugal (país veciño, a onde se poden organizar facilmente visitas formativas, FCT, etc), en Brasil e en Angola (países cun mercado en alza, con grandes oportunidades para o sector TIC galego).
- Inglés, por ser na actualidade a lingua franca para comunicarse en calquera ámbito, tanto de tipo académico como profesional e/ou laboral, especialmente na rama da informática, onde é case exclusivamente a lingua vehicular. O coñecemento do inglés facilita a mobilidade a países cunha forte implantación da industria informática, como poden ser Irlanda ou Reino Unido.

As seccións bilingües contan con profesorado coordinador que ten como funcións principais as seguintes:

- Coordinar as accións do equipo docente que forma parte da sección bilingüe, prestar apoio ao profesorado da área non lingüística e facer un seguimento do desenvolvemento do programa ao longo do curso.
- Participar na elaboración de materiais didácticos específicos xunto co equipo de docentes.
- Organizar e coordinar as actividades complementarias que contribúan a un coñecemento máis amplo da lingua estranxeira.
- Orientar e asesorar a persoa auxiliar de conversa.
- Convocar, presidir e levantar acta das reunións necesarias para o desenvolvemento da sección.

As seccións están dotadas con profesorado nativo auxiliar de conversa, que ten como funcións principais as seguintes:

- Contribuír á adquisición por parte do alumnado de diferentes destrezas da competencia comunicativa, tales como a expresión e comprensión orais, e facilitar o coñecemento do léxico específico da materia obxecto de estudo.
- Colaborar co profesor ou profesora do módulo na elaboración de materiais curriculares na lingua estranxeira.

- Participar nas reunións de coordinación.
- Organizar actividades relacionadas coa cultura do país de procedencia, facendo partícipes das mesmas ao alumnado da sección e á comunidade educativa.
- Participar en todas aquelas actividades do centro que sexan básicas para a súa integración no mesmo e que faciliten a súa aproximación á cultura galega.

O centro fomenta:

- A creación e mantemento de seccións bilingües.
- O traballo en equipo dos membros das seccións bilingües.
- A realización de actividades complementarias relacionadas coas seccións bilingües.
- A participación en proxectos eTwinning para practicar a lingua estranxeira.
- A mobilidade do alumnado das seccións bilingües para realización da FCT en países do ámbito da Unión Europea.

Ao finalizar o curso, o alumnado que sexa cualificado positivamente no módulo e non tivese “Perda do Dereito á Avaliación Continua”, recibirá unha credencial oficial expedida polo centro conforme participou nunha sección bilingüe, que se fará constar mediante dilixencia no seu historial académico.

### **3.- Proxectos eTwinning e Erasmus+ KA2**

O centro facilita a participación nas diferentes accións do programa Erasmus+, entre elas as relacionadas con eTwinning.

#### **3.1.- KA2**

A acción chave 2 de Erasmus+ permite crear asociacións estratéxicas entre centros europeos para realizar proxectos complexos, con orzamentok, prazos, mobilidades, etc.

O centro favorecerá a participación do profesorado en futuros Erasmus+ KA2.

#### **3.2.- eTwinning**

eTwinning serve de motor da KA2, pero tamén é posible participar en proxectos desta comunidade sen dispor dun KA2 activo.

O obxectivo principal do centro relacionado co programa eTwinning é apoiar o desenvolvemento de contidos, servizos, pedagogías e prácticas de aprendizaxe innovadoras e baseadas nas TIC coa fin de crear un sentimento de pertenza á Unión Europea.

A plataforma eTwinning serve ademais para dar soporte a outras accións como, por exemplo:

- As seccións bilingües: creando proxectos que permiten a interacción con alumnado doutros países utilizando a lingua estranxeira de cada sección bilingüe.
- Formación en Centros de Traballo (FCT) no estranxeiro: utilizando un TwinSpace para xestionar a mobilidade e rexistrar as titorías.
- Dinamización da lingua galega: co emprego da mesma en todos os proxectos realizados a nivel europeo.

O centro facilita a participación do profesorado en proxectos eTwinning:

- Relacionados co módulo que imparte (podendo implantar ou non a metodoloxía de “aprendizaxe baseada en proxectos”). Neste caso o foco son os resultados da aprendizaxe relacionados co módulo ou materia.
- Relacionados cunha sección bilingüe. Neste caso o obxectivo é a competencia en lingua estranxeira.

O centro fomenta a utilización de proxectos eTwinning para levar a cabo a xestión e titorías das FCTs no estranxeiro.

## **4.- FCT no estranxeiro: Erasmus+ KA102 e KA103**

O centro promove a participación nos programas Erasmus+ KA102 (para ciclo medio) e KA103 (para ciclos superiores) considerándoos unha continuación das seccións bilingües e utilizando os proxectos eTwinning como soporte da xestión.

Os obxectivos xerais das prácticas no estranxeiro (FCT ou prácticas extracurriculares) dentro de Erasmus+ KA1 son:

- Mellorar cualitativamente e aumentar cuantitativamente a mobilidade en Europa das persoas en Formación Profesional.
- Mellorar cualitativamente e aumentar cuantitativamente a cooperación entre centros e organizacións que brinden oportunidades de aprendizaxe, empresas, interlocutores sociais e outros organismos pertinentes de toda Europa.

Obxectivos concretos:

- Mellorar a competencia en linguas estranxeiras.
- Abrir as portas ao traballo en/con empresas portuguesas, brasileiras, irlandesas, británicas, alemás, etc.
- Facilitar a mobilidade do alumnado antes da FCT, na FCT e na súa posterior vida laboral.
- Adquirir un sentimento de pertenza á Unión Europea.
- Aumentar o atractivo dos ciclos de FP impartidos no centro.

A estancia formativa no estranxeiro forma parte integral da formación dos participantes e consta como a totalidade da FCT.

Tamén é posible solicitar prazas para estudos do alumnado e para *job shadowing* do profesorado de FP.

#### 4.1.- Número de mobilidades

En xaneiro de cada ano realízase unha convocatoria para coñecer que alumnado está inicialmente interesado en realizar prácticas ou estudos no estranxeiro.

O número de mobilidades que se solicitarán nos novos Erasmus+ KA102 e KA103 variará en función da predisposición do alumnado. Nos últimos proxectos solicitáronse 7 prazas para KA102 e 20 para KA103.

#### 4.2.- Selección dos participantes

Criterios xerais:

Outubro: os/as titores/as informan o alumnado de 1º ano da posibilidade de realizar a FCT no estranxeiro e dos criterios de selección.

Xaneiro: o alumnado de 1º ano inicialmente interesado en realizar a FCT no estranxeiro comunícao ao coordinador ou coordinadora antes de solicitar as mobilidades.

Outubro: o alumnado de 2º ano solicita por escrito formar parte do proceso de selección e participar nas actividades de formación lingüística e cultural en orixe, desde novembro a febreiro.

Marzo: realízase a selección de participantes (para a fase principal do fluxo) en base aos seguintes criterios (dous puntos cada un):

1. Expediente académico.



2. Resultado da proba oral e escrita, realizada polo profesorado de lingua estranxeira.
3. Certificados oficiais A2/B1/B2/C1/C2.
4. Asistencia ás actividades de preparación lingüística e do programa (conferencias, etc.)
5. Criterios actitudinais como madurez e responsabilidade do alumno/a, valorados polo Departamento de Orientación e equipo docente do ciclo.

Tamén é posible realizar prácticas noutras épocas, por exemplo en outono (alumnado de modular, recién titulados, etc).

Para Ciclos Superiores: Na actualidade o MECED adxudica directamente as súas propias bolsas “erasmus.es” ao alumnado solicitante, quedando exento dos criterios de selección anteriores.

Mentres esta situación continúe, as bolsas Erasmus+ KA103 poden ser solicitadas en calquera momento polo alumnado do IES San Clemente, mesmo para realizar prácticas non curriculares ou de titulados, asignándose por orde de solicitude (sempre dando preferencia ás FCTs).

### 4.3.- Exclusión

O alumnado con mala actitude ou que manifeste discrepancias coa filosofía de internacionalización do centro, non poderá realizar prácticas no estranxeiro. A decisión pode ser tomada polo equipo docente en xunta de avaliación.

### 4.4.- Preparación lingüística

A maioría do alumnado participante no Programa cursa unha sección bilingüe, co que mellora a súa competencia lingüística e aprende vocabulario técnico relacionado cos seus estudos profesionais.

Esta acción non está exclusivamente destinada ao alumnado de seccións bilingües, por tanto o alumnado interesado en realizar a FCT no estranxeiro debe asistir a un curso de lingua e cultura do país de destino, fóra do horario escolar. Realízase en orixe (antes da mobilidade) entre os meses de novembro e febreiro (para o fluxo principal).

O centro proporciona os medios necesarios para a realización deste curso, que permite ofrecer formación específica para as/os participantes, en grupo reducido, simulando situacións reais que se van producir en destino como, por exemplo, unha entrevista de traballo.

Nalgúns casos, é posible que en destino se poidan organizar cursos e actividades culturais, pero isto depende de moitos factores como o orzamento, a dispoñibilidade do socio intermediario, etc.

## 4.5.- Titorías

Durante a estancia do alumnado no estranxeiro realízase un seguimento continuo por parte do profesorado coordinador da mobilidade, titores e titoras dos socios de envío, de acollida (empresas) e intermediarios.

Realízase unha entrevista entre os titores e titoras (coa colaboración do equipo de proxectos europeos) e os participantes cada dúas ou tres semanas. A continuación cobre unha ficha no TwinSpace rexistrando os progresos do alumnado e calquera información relevante sobre a súa estancia.

O alumnado publica periodicamente un artigo no blog e un resumo mensual das tarefas realizadas na empresa no TwinSpace.

O profesorado dos centros socios intermediarios publica o relatorio das súas reunións tanto co alumnado como coas persoas responsables das empresas no TwinSpace.

Medios: email, videoconferencia, teléfono, TwinSpace e blog.

## 5.- Recoñecemento de competencias

Un obxectivo do presente plan é mellorar a transparencia e o recoñecemento de cualificacións e competencias, incluídas as adquiridas mediante o ensino non formal ou informal.

### 5.1.- Documentos Europass

Foméntase a utilización de documentos Europass:

- Curriculum Vitae Europass: para todo o alumnado.
- Pasaporte de linguas Europass: para todo o alumnado.
- Documento de mobilidade Europass: para o alumnado e profesorado que realiza mobilidades Erasmus+, certificado polos socios de acollemento e envío.
- Suplemento Europass ao título: para todo o alumnado.

- Anexo do Suplemento Europass ao título: para os que realizan a FCT no estranxeiro e para o resto do alumnado que o solicite.

## 5.2.- Certificación do nivel de lingua estranxeira

O centro favorece que ao alumnado que curse seccións bilingües ou realice a FCT no estranxeiro se lle recoñeza a súa competencia lingüística mediante a proba libre na EOI (ou equivalente) para obter certificados oficiais:

- Coa realización de exames modelo en decembro e marzo.
- Publicación de información relativa ás probas libres.
- Axuda económica para o pagamento de taxas.

Ademais, o alumnado de seccións bilingües recibe a credencial de oficio, sen ter que solicitala, como dilixencia no seu expediente académico.

## 6.- Colaboración con outros centros europeos

O presente plan contempla a colaboración do IES San Clemente con outros centros educativos europeos:

- O centro ofrécese como socio intermediario de proxectos de mobilidade, para organizar as prácticas do alumnado estranxeiro, buscar empresas, definir plans de traballo adecuados para a súa formación, cursos de inmersión lingüística e cultural, etc. Para iso, nomeará unha persoa responsable das tarefas de xestión, supervisión e monitorización das mobilidades.
- O centro ofrécese como socio de acollemento, para que alumnado de outros países poida cursar estudos ou realizar prácticas no IES San Clemente. Para iso nomeará unha persoa responsable da xestión, seguimento, apoio, preparación lingüística, etc. do alumnado entrante.
- O centro ofrécese como socio doutros proxectos Erasmus+ e eTwinning.

Dáselle especial importancia á transferencia de coñecementos e de innovación entre os centros de ensino participantes e o uso das TIC na realización dos proxectos.

O IES San Clemente comprométese a recoñecer a participación nos proxectos mediante certificados e a colaborar na difusión dos resultados na web do centro, prensa local e dixital, e cartas a organismos.

## 7.- Mobilidades de docentes

O centro favorece as mobilidades de docentes dentro do marco de Erasmus+, dando flexibilidade horaria, asesoramento administrativo e académico, axudando na preparación lingüística, etc. para que os participantes rendibilicen a súa mobilidade.

## 8.- Actualizacións do plan

As futuras actualizacións do Plan de Modernización e Internacionalización do Centro, publicaranse en [www.ies Sanclemente.net/programas-europeos](http://www.ies Sanclemente.net/programas-europeos)

Se houber algunha diferenza entre o presente documento e a información publicada na web do centro, prevalecerá esta última.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2016

Asinan o documento en representación do departamento correspondente ou grupo de profesores:

Carmen Viñas Álvarez	Dirección do centro
Emiliano Gómez Vázquez	Departamento de Informática
María Jesús Rodríguez Lastres	Departamento de Orientación
Rafael Paradela Rodríguez	Coordinación da FCT
Javier Porto Bouzas	Grupo de titores de FCT
Jose Lozano Barreiro	Grupo de titores de FCT
Eva Pereira Loira	Coordinación de seccións bilingües
Rafael Veiga Cid	Profesores de seccións bilingües
Carlos Carrión Álvarez	Profesores de seccións bilingües
Bruno Vila Vilariño	Profesores de seccións bilingües
Cristina París Brandariz	Coordinación de proxectos europeos
Marcos Vence Ruibal	Equipo de Dinamización da Lingua Galega